

**CONEXIÓN DUN VIAL DE CONCENTRACIÓN
PARCELARIA COAS ESTRADAS PO-531 E PO-301**

CLAVE: PO/23/096.01

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a definición das obras que han de realizarse para a conexión entre os viais executados para a concentración parcelaria, e as estradas autonómicas PO-531 e PO-301. A actuación discorre polo concello de Vilanova de Arousa, provincia de Pontevedra.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-531 encadrase na rede Estruturante, e a PO-300 e PO-301 pertencen a rede Local da Rede de Estradas da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

Proponse dous viais compostos cada un deles por dous carrís de 3,00 m de ancho, sen beiravías, que se conectarán coa PO-531 mediante un cambio de sentido con carril de espera a altura do punto quilométrico (p.q) 17+180, e coa PO-301 mediante a glorieta existente no cruce das estradas PO-301 e PO-300 coa estrada provincial EP-9511.

Ademais, construíranse muros de contención de perpiaño co fin de reducir a ocupación do terraplén na PO-531 e evitar a afección ao río existente na contorna da PO-301, prolongarase as obras de drenaxe e reporanse as beirarrúas que resulten afectadas polas obras.

4. Características técnicas**Trazado:**

- *Conexión coa PO-531:* resolverase cun cambio de sentido mediante unha semiglorieta con carril central de espera a altura do p.q. 17+180 da estrada PO-531.

- *Conexión coa PO-301:* o novo eixo conectarase á glorieta existente no cruce das estradas PO-301 e PO-300 coa estrada provincial EP-9511. A glorieta modificarase, pasado dunha morfoloxía circular actual a unha oval.

Sección tipo:

- *Conexión coa PO-531:* semiglorieta de 5 m de radio exterior con carril central de espera de 3 m de ancho na PO-531. O carril na semiglorieta será de 4,00 m de ancho.

- *Conexión coa PO-301:* glorieta con forma oval de 21 m de eixe maior e 14 m de eixe menor. Disporá de 2 carrís de 4,00 m de ancho con 2 beiravías de 0,20 m interior e exterior, gorjal interior adoquinado de 1,40 m de ancho e illa central con céspede natural.

- *Novos viais de conexión entre as PO-531 e PO-301 cos viais de concentración parcelaria:* dous carrís de 3,00 m de ancho e na PO-301 terá ademais beirarrúas de 2,00 m de ancho.

Estruturas:

- Executaranse varios muros de perpiaño de aproximadamente 2 m de altura sobre a rasante.

Drenaxe:

Na PO-301 adaptarase a rede existente a nova planta empregando os mesmos elementos (tubos de PVC de 200 mm de Ø dende o sumidoiro que conectará co Rego do Sisto) e prolongación da canalización existente baixo a glorieta.

Na PO-531 será necesario protexer a actual canalización de pluviais cunha lousa de formigón xa que transcorrerá baixo os viais proxectados.

Firmes e pavimentos:

PO-531: no tronco: 25 cm de saburra artificial + 12 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 32 BASE BC 50/70 G + 8 cm de MBQ tipo AC22 BIN BC 50/70 S + 5 cm de MBQ tipo AC16 SURF BC50/70S; no cambio de sentido: 35 cm de saburra artificial + 10 cm de MBQ tipo AC22 BIN BC 50/70 S + 5 cm de MBQ tipo AC16 SURF BC50/70S.

PO-301: na glorieta: 40 cm de saburra artificial + 10 cm de MBQ tipo AC22 BIN BC 50/70 S + 6 cm de MBQ tipo AC22 SURF BC 50/70 S.

Vial de nova execución: 25 cm de saburra artificial + 5 cm de MBQ tipo AC16 SURF BC50/70S.

Entre as distintas capas aplicaranse ademais as correspondentes regas de adherencia tipo C60B3 TER e de imprimación tipo C50BF4 IMP.

5. Poboación Servida

Vilanova de Arousa 10.225 hab.

TOTAL: 10.225 hab.

6. Concellos Afectados

Vilanova de Arousa

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 10 todas no concello de Vilanova de Arousa

Expropiación de terreos 16.693,38 €

Expropiación de bens afectados 2.314,00 €

Premio de afección 950,37 €

TOTAL 19.957,75 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 600.612,83 €


Orzamento para Expropiacións e Servizos Afectados 19.957,75 €

Orzamento para coñecemento da administración 620.570,58 €

10. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Vilanova de Arousa	PO-301 e PO-531	620.570,58 €	100

PLANO DE SITUACIÓN



CONEXIÓN COA PO-301




CONEXIÓN COA PO-531


SECCIÓN

PO-301


SECCIÓN 3121 (40 cm ZA + 16 cm MB)
FIRME NUEVO EN GLORIETA PONTE ARNELAS
ESCALA 1:20



REPOSICIÓN DE CAPA DE RODADURA (6 cm MB)
GLORIETA
ESCALA 1:20




PAVIMENTO DE ADOQUINES
ESCALA 1:20




PO-531

SECCIÓN 3221 (35 cm ZA + 15 cm MB)
FIRME NUEVO EN CAMBIO DE SENTIDO PO-531
ESCALA 1:20



SECCIÓN 4221 (25 cm ZA + 5 cm MB)
FIRME NUEVO EN VIALES DE NUEVA EJECUCIÓN
ESCALA 1:20



SECCIÓN 3221 (35 cm ZA + 15 cm MB)
FIRME NUEVO EN CAMBIO DE SENTIDO PO-531
ESCALA 1:20

